

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

CELEBRADA O DÍA 02/10/2025(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes

D. JESUS REY RODRIGUEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 02/10/2025, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 4 de setembro de 2025.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes agosto de 2025.

3. Aprobación, se procede, do orzamento xeral do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2025. Anexo de investimentos e operación de crédito que o financia. Bases de execución, cadro de persoal (plantilla), RPT e oferta de emprego público.

4. Aprobación definitiva, se procede, da Conta Xeral do Concello e da FPSDM, correspondente ao exercicio 2024.

5. Aprobación, se procede, da proposta de declaración institucional, presentada polo voceiro do Grupo Político Municipal de EU, de rexeitamento dos lamentabeis feitos acaecidos nos últimos días en Torre Pacheco (Murcia) Retirada da orde do día da sesión plenaria

6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á vaga de lumes forestais que asolou Galiza no mes de agosto e a necesidade dunha política de prevención e unha xestión integral do medio

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, de apoio ás medidas da Xunta de Galicia fronte aos incendios forestais.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á adopción de medidas de seguridade viais na PO-305 (intersección da PO-305 coa Estrada a Castroagudín -Rúa do Vento)

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, en relación con deficiencias detectadas en varios CEIP do Municipio.

11. Aprobación, se procede, da solicitude de comparecencia da Tenente de Alcalde Dona Tania García Sanmartín, presentada polo grupo político municipal de EU, para dar conta da situación na que se atopa o servizo de limpeza e recollida de lixo do Concello.

12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

14. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

15. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

16. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.

17. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e Dona Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 4 DE SETEMBRO DE 2025.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 4 de setembro de 2025.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE AGOSTO DE 2025: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción Asociación en rexistro municipal.
- 1 Corrección erro resolución adxudicación de contrato menor
- 4 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde de obras
- 1 Deixar sen efecto providencia incoación contrato conciliatardes
- 1 Servizos mínimos SAF
- 1 Avocación trámites pagos urxentes
- 2 Modificación de crédito por transferencia
- 5 Modificación de crédito por xeración
- 1 Modificación de crédito por subvención
- 1 Aprobación gasto elaboración Plan de Autoprotección Festa da Auga
- 1 Recoñecemento de obriga facturas
- 1 Certificado Alcalde
- 2 Avocación competencias Alcalde
- 1 Levantamento reparo suspensivo de tramitación
- 2 Baixas por inscrición indebida Padrón de Habitantes
- 6 Aprobación celebración festas ao aire libre
- 12 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 1 Sanción expediente tráfico
- 2 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 2 Recurso de reposición
- 4 Nomeamento persoal brigada de incendios
- 1 Bases contratación brigada de incendios
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Pagamento plan de pensións
- 6 Substitución posto de categoría superior
- 3 Estimatoria ICIO
- 4 Estimatoria pagos duplicados
- 1 Estimatoria fraccionamento
- 3 Estimatoria/deseestimatoria rateo no IVTM
- 14 Estimatoria liquidacións e baixas
- 39 Estimatoria beneficios fiscais IVTM
- 14 Estimatoria compensación de débedas

5 Estimatoria recibos
1 Desestimatoria cambio de xestión de ben inmovle
1 Estimatoria bens de características especiais
7 Estimatoria/desestimatoria exención IBI
1 Estimatoria bonificación IBI
26 Estimatoria taxas e prezos públicos
4 Estimatoria/desestimatoria IVTM
6 Estimatoria IIVTNU
5 Pago comisións bancarias
1 Pago préstamo bancario
47 Orde de pago
1 Celebración eventos
13 Deber de conservación
40 Conceder comunicación previa obras menores
1 Ineficacia comunicación previa obra menor
3 Denegar comunicación previa obra menor
19 Concesión de licenza de obra menor
2 Conformidade a proxecto de execución
12 Concesión de licenza de obra maior
1 Arquivo comunicación previa apertura de establecemento
TOTAL: 335

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2025. ANEXO DE INVESTIMENTOS E OPERACIÓN DE CRÉDITO QUE O FINANCIA. BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL (PLANTILLA), RPT E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO.-Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 29 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2025.

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral, a aprobación do teito de gasto non financeiro e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico acompañado desta Memoria na que se explican as modificacións máis esenciais que foron introducidas respecto ao orzamento anterior.

A elaboración do Orzamento constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio, que nunha situación de normalidade debe realizarse nun marco de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e crecemento económico controlado, obxectivos fiscais coherentes coa normativa europea. Os orzamentos para o exercicio 2025 tratan de manterse dentro dos principios consagrados na LOEOSF 2/2012.

Unha primeira valoración do documento elaborado para o exercicio 2025 refírese ao contido material do proxecto de Orzamento, debéndose efectuar as consideracións que seguidamente se expresan.

O Orzamento segue a recoller un forte carácter social ao aumentar as políticas de benestar social e as axudas precisas para a poboación máis vulnerable, así como políticas de impulso económico, de emprego e de emprendemento, tamén dotase dos investimentos necesarios para

o mantemento e mellora das nosas infraestruturas co fin de poder ofrecer uns servizos de calidade.

O orzamento para o exercicio 2025 responde á realidade socio-económica, dentro dun marco orzamentario a medio prazo de tres anos (2024-2027) imprevisible e que obrigadamente se separa das liñas orzamentarias fundamentais para o 2025 comunicadas en prazo no mes de setembro de 2024 e que polo tanto o proxecto de orzamentos elaborado durante o ano 2025 recolle as modificacións legislativas e outras circunstancias novas non contempladas anteriormente.

Os orzamentos que se presentan para a súa aprobación se confeccionaron tendo en conta os seguintes fundamentos:

- Liquidación do exercicio 2024.
- Os compromisos de achegas doutras administracións públicas, institucións e empresas.
- Os compromisos adquiridos con terceiros, derivados de contratos, convenios, pactos ou acordos, incluídos os de carácter plurianual.
- A cuantificación das necesidades de bens correntes e servizos.
- A valoración da débeda municipal e xuros (carga financeira para o exercicio 2025).
- O teito de gasto non financeiro para 2025.

Os orzamentos municipais para o exercicio 2025 preséntanse equilibrados, asemade cómprese co principio de non afectación de Ingresos e Gastos, salvo nos casos previstos na Lei.

O Orzamento Consolidado do Concello de do OA da FPSDM resulta:

ORZAMENTO ECONÓMICO DE GASTOS					
CAPÍTULO	ENTIDADE LOCAL	OOAA	TOTAL	ELIMINACIÓN S	CONSOLIDAD O
1 GASTOS DE PERSOAL	14.884.049,73 €	632.101,04 €	15.516.150,77 €		15.516.150,77 €
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	16.610.868,14 €	564.939,06 €	17.175.807,20 €		17.175.807,20 €
3 GASTOS FINANCIEROS	128.455,01 €	50,00 €	128.505,01 €		128.505,01 €
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.473.557,42 €	134.360,00 €	3.607.917,42 €	1.275.935,10 €	2.331.982,32 €
5 FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	40.000,00 €		40.000,00 €		40.000,00 €
6 INVERSIONS REAIS	3.306.000,00 €	3.500,00 €	3.309.500,00 €		3.309.500,00 €
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	52.000,00 €		52.000,00 €		52.000,00 €
8 ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00 €		150.000,00 €		150.000,00 €
9 PASIVOS FINANCIEROS	751.433,16 €		751.433,16 €		751.433,16 €
Total Presuposto . . .	39.396.363,46 €	1.334.950,10 €	40.731.313,56 €		39.455.378,46 €
ORZAMENTO ECONÓMICO DE INGRESOS					
CAPÍTULO	ENTIDADE LOCAL	OOAA	TOTAL	ELIMINACIÓN S	CONSOLIDAD O
1 IMPOSTOS DIRECTOS	12.301.926,89 €		12.301.926,89 €		12.301.926,89 €
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	605.673,45 €		605.673,45 €		605.673,45 €
3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	8.493.935,51 €	40.010,00 €	8.533.945,51 €		8.533.945,51 €
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	14.835.138,38 €	1.294.935,10 €	16.130.073,48 €	1.275.935,10 €	14.854.138,38 €
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	9.689,23 €	5,00 €	9.694,23 €		9.694,23 €
6 ALLEACIÓN DE INVERSIONS REAIS			- €		- €
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			- €		- €
8 ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00 €		150.000,00 €		150.000,00 €
9 PASIVOS FINANCIEROS	3.000.000,00 €		3.000.000,00 €		3.000.000,00 €
Total Presuposto . . .	39.396.363,46 €	1.334.950,10 €	40.731.313,56 €		39.455.378,46 €
ÁREAS DE GASTO :					

		ENTIDADE LOCAL	OOAA	TOTAL	ELIMINACIÓN S	CONSOLIDAD O
0	DEBIDA PÚBLICA.	879.888,17 €		879.888,17		879.888,17
1	SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS.	17.699.740,28 €		17.699.740,28		17.699.740,28
2	ACTUACIONS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL.	5.911.226,55 €		5.911.226,55		5.911.226,55
3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	7.357.664,93 €	1.334.950,10 €	8.692.615,03	1.275.935,10 €	7.416.679,93
4	ACTUACIONS DE CARÁCTER ECONÓMICO.	1.491.852,88 €		1.491.852,88		1.491.852,88
9	ACTUACIONS DE CARÁCTER XERAL.	6.055.990,65 €		6.055.990,65		6.055.990,65
	Total Presuposto . . .	39.396.363,46 €	1.334.950,10 €	40.731.313,56		39.455.378,46

Procédese a continuación a sinalar as cuestións máis destacables en materia de gastos e ingresos

1. ESTADO DE GASTO:

Orzamento de gastos do Concello para o exercicio 2025 con respecto ao Orzamento de gastos do exercicio 2024:

CAPÍTULO GASTOS	2025	2024	DIFERENCIA	%
1 GASTOS DE PERSOAL	14.884.049,73	14.054.681,93	829.367,80	5,90
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	16.610.868,14	14.680.378,19	1.930.489,95	13,15
3 GASTOS FINANCIEROS	128.455,01	314.321,72	-185.866,71	-59,13
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.473.557,42	3.417.305,76	56.251,66	1,65
5 FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	40.000,00	40.000,00		0,00
6 INVERSIONS REAIS	3.306.000,00	6.228.512,64	-2.922.512,64	-46,92
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	52.000,00	52.000,00		0,00
8 ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00	150.000,00		0,00
9 PASIVOS FINANCIEROS	751.433,16	950.000,00	-198.566,84	-20,90
Total Presuposto...	39.396.363,46	39.887.200,24	-490.836,78	-1,23

GASTOS		
CAPÍTULO	ENTIDADE LOCAL	%
1 GASTOS DE PERSOAL	14.884.049,73 €	37,78%
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	16.610.868,14 €	42,16%^
3 GASTOS FINANCIEROS	128.455,01 €	0,33%
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.473.557,42 €	8,82%
5 FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	40.000,00 €	0,10%
6 INVERSIONS REAIS	3.306.000,00 €	8,39%
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	52.000,00 €	0,13%
8 ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00 €	0,38%
9 PASIVOS FINANCIEROS	751.433,16 €	1,91%
Total Presuposto...	39.396.363,46 €	100,00%^

CAPÍTULO I-GASTOS DE PERSOAL:

Dentro do marco da Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2023 actualmente prorrogado para o ano 2025, o gasto de persoal increméntase principalmente como consecuencia da dotación inicial do crédito preciso para afrontar os incrementos salariais que se aplicaron acumulados no período 2024 a 2025 así como as novas obrigas de aportacións á Seguridade Social derivadas da aplicación progresiva do MEI, do establecemento da cota especial de solidariedade e do “destope” progresivo das bases de cotización, pero tamén do incremento da dotación para aportacións o plan de pensións do persoal municipal que se actualiza en base á evolución do IPC.

Tamén obedece o incremento, a dotación orzamentaria para creación de 3 novas prazas/postos as cales segundo o disposto no artigo 38.3 da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia os orzamentos reflectiran os créditos correspondentes as relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente. E en conexión có disposto no artigo 90.1 da Lei 7/1995 e do artigo 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986 procede a tramitación da plantilla que deberá comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, se aprobarán anualmente con ocasión da aprobación do orzamento, e deberán responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia.

E asemade ao incremento das achegas municipais a plans de emprego, contratacións temporais, e obradoiros de emprego segundo o incremento producido no SMI no período 2024 a 2025. Visto o cadro de persoal existente no Concello e as asignacións de postos de traballo a os distintos servizos, así como os cometidos desempeñados e requiridos polas necesidades de servizo público, resulta:

Funcionarios de carreira 308

Persoal laboral 10

Persoal Eventual 6

O total do cadro de persoal (Plantilla) ascende a 318 prazas estruturais e 6 postos de persoal eventual: non se contempla na cifra anterior o persoal que presta servizos ao Concello con carácter temporal en diferentes programas subvencionados por outras administracións.

Considerando as necesidades prioritarias de contar con persoal suficiente en determinadas área e departamentos segundo a capacidade de auto organización que corresponde a esta Administración, se reflicte á creación de unha praza/posto de Administrativo do subgrupo C1 adscrita ao servizo da Policía Local ao efecto de descargar de tarefas administrativas aos efectivos propios do corpo da Policía Local e que poidan ser encomendados a funcións operativas. E unha nova praza/posto de Operario de Servizos adscrito ao servizo do Parking Municipal coa finalidade de mellorar o servizo e poder ampliar o horario de apertura. Asemade se crea unha praza/posto de Oficial de compostaxe adscrita ao servizo de Medio Ambiente.

A proposta de Alcaldía relativa ao persoal e a documentación anexa foi obxecto de negociación coa representación sindical na mesa xeral de negociación conxunta en sesións celebradas os días 23 e 31 de xullo de 2025 sendo aprobada por maioría segundo as actas incorporadas ao expediente.

PLANIFICACIÓN DE RRHH

O art. 69 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Publico (TREBEP) establece que a planificación dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

1.- Promoción interna de servizos exteriores

DENOMINACIÓN	DOT	R.E.	SubGR	AREA/SERVIZO
OFICIAL	1	F	C2	INSTALACIÓNS CULTURA
OFICIAL ELECTRICISTA	2	F	C2	ELECTRICIDADE
AUXILIAR BIBLIOTECA	5	F	C2	BIBLIOTECA
ENCARGADO SERVICIOS MULTIPLES DEPORTES	1	F	C2	FPSDM

2.- Promoción interna de unha praza de Deseño Gráfico ao Subgrupo A2, e dunha praza de Técnico Medio de Administración Xeral do Subgrupo A2.

Unha vez concluídos os procesos de promoción interna previstos polo plan especial de ordenación de RRHH coa toma de posesión doas/as candidatas/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultas e dos postos vencellados a ditas prazas.

Os anteriores procesos de promoción interna teñen o seu reflexo nas seguintes partidas orzamentarias coas dotacións necesarias:

	SUBGRUPO	CD	CE	APLICACIÓNS IMPORTE	
926 Promoción interna 1 deseño gráfico A2					
Técnico Medio deseño gráfico	A2	CD 22	CE 9	1200000	3.447,83 €
Técnico Auxiliar deseño gráfico	C1	CD 20	CE 10	1210000	1.011,95 €
				1210100	706,31 €
				1600000	1.601,49 €
				TOTAL	6.767,59 €
920 Promoción interna 1 TMAX A2					
Técnico Medio Administración Xeral	A2	CD22	CE13	1210000	1.011,95 €
ADMINISTRATIVO	C1	CD20	CE13	1210100	706,74 €
				1210303	533,70 €
				1600000	1.241,03 €

				TOTAL	3.493,42 €
3321 Promoción interna 5 Biblioteca					
AUXILIAR BIBLIOTECAS	C2	CD 14	CD 16	1200000	5.516,82 €
SUBALTERNO BIBLIOTECAS	AP	CE 14	CE 14	1210000	3.489,90 €
				1210001	463,47 €
				1600000	2.935,76 €
				TOTAL	12.405,94 €
165 Promoción interna 2 Oficiales Electricistas C2					
OFICIAL ELECTRICISTA	C2	CD 18	CE 13	1200000	1.465,29 €
OPERARIO ELECTRICISTA	AP	CD 14	CE 14	1210000	2.221,69 €
				1210100	1.412,91 €
				1600000	1.580,97 €
				TOTAL	6.680,86 €
334 Promoción interna 1 Oficial Instal. culturais					
OFICIAL ELECTRICISTA	C2	CD 18	CE 13	1200000	732,65 €
OPERARIO ELECTRICISTA	AP	CD 14	CE 14	1210000	1.110,85 €
				1210100	706,45 €
				1600000	790,48 €
				TOTAL	3.340,43 €

3.- PROMOCIÓN INTERNA: Promoción do emprego, Area económica e Bibliotecas.

Promoción interna prazas existentes seguintes que están xa vacantes ou está previsto a vacante de modo inmediato por ter comunicado o seu pase a xubilación as persoas titulares:

1 Praza A2 Técnico Medio Administración Xeral TMAX (Promoción Emprego)

1 Praza A2 de Técnico Medio Administración Especial (Dirección Biblioteca)

4.- POLICIA LOCAL

Promoción interna dun posto/praza existente seguinte que está xa vacante:

INSPECTOR subgrupo A2 1

5.- PRAZAS DE ADMINISTRATIVO

Considerando a existencia de 5 prazas vacantes de administrativo/a procede a súa convocatoria por promoción interna, no caso de ser superados os procesos selectivos as prazas de resultas serán incluídas para a súa oferta por OEP no exercizo futuro que corresponda.

6.- ESCOLA DE MÚSICA

Dada a demanda do servizo e o incremento de alumnado se procede ao incremento global de xornada de 20 horas semanais distribuída en catro postos a tempo parcial de profesores de música.

7.- OFERTA EMPREGO PÚBLICO

Na Memoria de Alcaldía tamén se recolle a creación de 3 novas prazas así como a reposición doutras vacantes por xubilación de conformidade co disposto no artigo 19 da LPXE prorrogada que permita unha taxa de reposición xeral de efectivos do 100% e do 110% nos sectores declarados prioritarios.

3 prazas vacante de Policía Local C/C1, 2 libres e 1 por quenda mobilidade

E as seguintes prazas:

PRAZA	POSTO RPT -T	AREA DE GASTO	SITUACIÓN -	GRUPO ~	Total
- AUXILIAR ADMINISTRATIVO	- AUXILIAR ADMINISTRATIVO	B 150 - XERENCIA DE URBANISMO	= I	C2	1
		B 920 - ADMINISTRACIÓN XERAL	= V	C2	1
		- 931 - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA	= I	C2	2
- OFICIAL COMPOSTAXE	B OFICIAL COMPOSTAXE	B172 - MEDIO AMBIENTE	= V	C1	1
- OPERARIO	B OPERARIO	B 334 - PROMOCIÓN CULTURAL	= I	AP	1
- OPERARIO R.S.U.	= OPERARIO SERVICIOS	B172 - MEDIO AMBIENTE	= I	AP	1
- OPERARIO SERVICIOS	B OPERARIO SERVICIOS	-133 - ESTACIONAMENTO	-1	AP	1
		- 342 - FPSDM	-1	AP	2

- POLICIA (GARDA) LOCAL	- POLICIA (GARDA) LOCAL	- 4312 - MERCADOS	-1	AP	1
- TSAX	- XEFE SECCIÓN	- 132 - SEGURIDADE E ORDE PÚBLICO	- V	C1	3
		- 931 - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA	- T	A1	1

8.- ACTUALIZACIONES DO CATÁLOGO RPT 2022-2025

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa aprobou o Catálogo descritivo das funcións e tarefas dos postos de traballo en sesión celebrada o 27 de outubro de 2022, si ben dende dito acordo se teñen producido as seguintes incidencias:

Conversión en funcionarios de carreira de diversos postos vinculados a persoal laboral con motivo do proceso de estabilización do emprego temporal a través dos supostos incluídos na lei 20/2021, de 28 de decembro

Promoción interna dunha praza de auxiliar de redacción a xestor redacción subgrupo C1.

Promoción interna de dous operarios de servizos varios a oficiais electricistas do subgrupo C2 a través dun proceso de promoción interna.

Estabilización das seguintes prazas de profesor de música a través dos supostos da lei 20/2021 para a redución da temporalidade que serían:

6 postos laborais do subgrupo A1 repartidos do seguinte modo:

- sistema selectivo de concurso , 1 a xornada completa e 4 a xornada parcial
- sistema selectivo de concurso oposición; 1 a xornada parcial.

11 Funcionarios do subgrupo A2, que se reparten do seguinte modo:

- sistema selectivo concurso; 5 a xornada completa e 3 a xornada parcial.
- sistema selectivo concurso oposición; 3 a xornada parcial.

6 Funcionarios do subgrupo A1 por concurso, dos cales a xornada completa 1, a xornada parcial 5.

Modificación da denominación dun posto de operario de servizos que pasa a denominarse Operario Soldador e se actualiza o contido de funcións do catálogo.

O catálogo do ano 2022 non reflectía a ampliación a xornada completa dos postos de Técnicos Deportivos TSAFFD polo que procede modificar esta situación e que a ficha reflecta a xornada completa e non parcial.

Si ben o catálogo de postos establecía a existencia dun posto de encargado de cementerios con dispoñibilidade habitual e funcións de xefatura o servizo foi reorganizado coa asignación das funcións de xefatura a un posto de Administrativo e polo que procede reasignar a dispoñibilidade ocasional de xornada aos dous postos de operario de servizos de cementerios.

A RPT aprobada para o exercizo 2024 xunto có orzamento de dito ano xa recollía a maioría de ditas modificacións relacionadas polo que procede tamén adaptar o Catálogo de RPT coa descrición dos postos de traballo actualizado a situación no ano 2025.

9.- PLAN DE PENSIÓNS

Actualmente e logo da recuperación progresiva de anos anteriores a aportación mensual individual municipal é de 39,74€/mes. O acordó de negociación colectiva vixente (Acordo Marco e Convenio Colectivo) establece no artigo 71 a obriga de actualización dos importe segundo o IPC acumulado dende decembro de 2023 a decembro de 2024 e que é do 2.8%, por elo procede actualizar dito importe polo período ata decembro do ano 2024, o que supón que aportación individual anual para o ano 2025 sería de 40,85€/mes, o que supón un incremento total das achegas respecto ao ano 2024 de 3.729,6€ anuais. (221 16204)

10.- RESERVA PRAZAS CONVOCATORIA DE OEP SEGUNDA ACTIVIDADE

Con relación ao procedemento de pase a segunda actividade se ten oficiado aos servizos e actualmente non existen vacantes en postos susceptibles de acoller convocatoria de segunda actividade. Polo que non procede a convocatoria neste ano 2025 de quenda especial de segunda actividade nin para persoal funcionario nin para persoal laboral.

Procedeuse á elaboración do Cadro de Persoal do Concello, coa súa distinta clasificación e dotación numérica, e a Relación de Postos de Traballo por áreas cos seus respectivos códigos e facendo referencia ao destino, código do mesmo, códigos postos de traballo, denominación posto, dotación, niveis, tipo de posto, forma de provisión, situación, formación, etc... conforme ao modelo da Resolución de 20 de xaneiro 1989 das Secretarías de Estado e Facenda e Administracións Públicas.

O artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que corresponde a cada Corporación Local

aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e relación de postos de persoal eventual. E segundo o disposto no artigo 38.3 da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia os orzamentos reflectiran os créditos correspondentes as relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

Por outra banda, a Alcaldía e os concelleiros con dedicación exclusiva percibirán as retribucións que foron aprobadas no pleno organizativo do 27 de xuño do 2023 e non se reflicten modificación a este respecto.

O conxunto do capítulo 1, incrementase un 5,90 % con respecto ao Orzamento do 2024, representa un 37,78% do total do orzamento pero segue situándose por debaixo do 40% .

Operouse unha modificación na redacción das Bases de execución BEO 2025 ao efecto de dotar de unha mellor flexibilidade na disposicións de créditos, así a base nº 9 queda redactada do seguinte teor:

Como excepción os créditos do capítulo I de gastos de persoal quedan vinculados a nivel do primeiro dígito de Área de Gasto có seguinte detalle:

AREA GASTO GRUPO. PROGRAMA/PROGRAMA	
1	132 - SEGURIDADE E ORDE PÚBLICO
1	133 - ESTACIONAMENTO
1	134 - MOBILIDAD URBANA
1	135 - EMERXENCIAS E PROT. CIVIL
1	150 - URBANISMO - XERENCIA DE
1	1530 - VIAS PÚBLICAS-
1	164 - CEMITERIOS
1	165 - ALUMEADO PÚBLICO
1	171 - PARQUES EN XARDINS
1	172 - MEDIO AMBIENTE
2	221 - PRESTACIÓNS Ó PERSOAL
2	231 - ACCIÓN SOCIAL
2	2311 - SPAD - ASISTENCIAL
2	2311 - SPAD - PREVENCIÓN
2	2312 - SERVIZO MULLER
2	2314 - SERVIZOS XUVENTUDE
2	241 - EMPREGO / DESENV. LOCAL
2	241 - ORIENT. LABORAL-
3	320 - EDUCATIVA - PROMOCIÓN
3	3261 - CONSERVATORIO DE MÚSICA
3	3262 - ESCOLA DE MUSICA
3	3321- BIBLIOTECAS
3	334 - PROMOCIÓN CULTURAL "
	342 - FPSDM

3	
4	4311 - INDUSTRIA E COMERCIO'
4	4312 - MERCADOS
4	432 - TURISMO
4	493 - CONSUMO
9	912 - ORGANOS DE GOBERNO"
9	920 - ADMINISTRACIÓN XERAL
9	9201 - INFORMÁTICA
9	926 - COMUNICACIÓN
9	931 - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA
9	934 - RECADACIÓN MUNICIPAL

Con cargo as consignacións na aplicación económica 151 e 15101 aboaranse as gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo do persoal funcionario e na aplicación económica 13101 as horas extraordinarias do persoal laboral. Estas consignacións de créditos de gastos (151, 15101 e 13101) terán a consideración de xenérica e de vinculación global de clasificación económica e sen limitación de area de gasto , grupo de programa ou programa. Por defecto entenderase creada para cada grupo de programa e programa de gasto a aplicación 151, 15101 e 13101 con valor "0".

CAPÍTULO II- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

En termos comparativos, prodúcese un incremento de gastos correntes nun 15,36 % con respecto ao Orzamento do exercicio 2024, representando un 42,50% sobre o total do orzamento de gastos.

Os gastos recollidos neste capítulo inclúen os diferentes contratos, (renting vehículos, seguros, gastos reparación de vehículos, servizo de limpeza viaria, recollida e tratamento de lixo, mantemento de dominios web, inspección de tributos locais...).

Asemade, inclúense neste capítulo os gastos derivados de reparacións, mantemento nos bens de titularidade municipal, así como mantementos de equipos, ou a adxudicación de asistencia técnicas como son a xurídica externa, proxectos técnicos, etc.

O proxecto de orzamento 2025 da cobertura a gastos anuais pola revisións de prezos de contratos de xestión de servizos como o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de nova adxudicación, de Limpeza viaria e tratamento de residuos (URBASER), limpeza de edificios e instalacións (CLECE), de tratamento de residuos sólidos urbanos e reciclaxe (SOGAMA). Os créditos respectivos foron dotados segundo a adxudicación dos respectivos contratos, no caso do tratamento de residuos por SOGAMA se dotou a partir dun estudo de produción e custo seguinte:

	Base (€/Tm)	I.V.A.	Importe total			
Residuos urbanos	95	10,00 %	104,5			
Biorresiduos	51,4	10,00 %	56,54			
			RESIDUOS URBANOS		BIORRESIDUOS	
	MES	PERIODO	Tm	Importe Total	Tm	Importe Total
	xaneiro	1	1.074,24	112.258,08	10,52	594,80
	febreiro	2	940,08	98.238,36	9,84	556,35
	marzo	3	1.032,70	107.917,15	16,9	955,53
	abril	4	1.063,92	111.179,64	19,12	1.081,04
	maio	5	1.079,78	112.837,01	25,8	1.458,73

	xuño	6	1.047,86	109.501,37	31,66	1.790,06
ESTIMACIÓN	xullo	7	1.071,61	111.982,76	34,55	1.953,65
	agosto	8	1.080,70	112.933,47	39,00	2.205,33
	setembro	9	1.089,80	113.884,18	43,46	2.457,01
	outubro	10	1.098,90	114.834,89	47,91	2.708,70
	novembro	11	1.108,00	115.785,60	52,36	2.960,38
	decembro	12	1.117,09	116.736,31	56,81	3.212,06
				1.338.088,82 €		21.933,64 €

No caso da limpeza de edificios e instalacións(actualmente realizado pola empresa CLECE) se tomou como bsetase a estimación elaborada polo servizo de contratación xa que está actualmente en proceso de licitación.

Se dota no capítulo 2 de gastos os gastos de mantemento e funcionamento das instalacións das Escolas Infantís de Carril, Vilaxoan ao abeiro dos Convenios asinados co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

Na aplicación 929-22699 mantense crédito á vista para facer fronte a gastos por expedientes de responsabilidade patrimonial, sancións e execucións xudiciais, o que permite levar un control deste tipo de gasto máis exhaustivo ao tempo que evita que este tipo de expedientes consuman o crédito consignado para o mantemento dos servizos municipais básicos.

CAPÍTULO III. –GASTOS FINANCEIROS

Recolle os xuros e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras contraídas pola Entidade, así como os gastos de emisión, formalización e cancelación das mesmas. Este apartado se ten elaborado a partir do informe do Estado da Débeda facilitado pola Tesourería municipal e minorado pola operación de amortización anticipada por importe de 1.200.000€ por aplicación parcial do remanente líquido de tesourería do ano 2024.

Tamén se recolle o crédito para comisións financeiras e xuros de demora como en orzamentos anteriores.

A nova operación de endebedamento prevista no orzamento do presente ano 2025 non é previsible que poida formalizarse durante o exercizo polo que non se prevé custo financeiro vencellado a dita operación de endabedamento por importe de 3.000.000,00€.

CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Son os créditos destinados a achegas por parte da Entidade Local sen contraprestación directa dos axentes perceptores e con destino a financiar operación correntes. Nas bases de Execución do ORZAMENTO recóllense as subvencións nominativas correspondentes ao Capítulo 4 de Gasto a conceder durante o exercicio 2025 sendo o importe total de 274.600,00€.

Seguen a dotarse as aplicacións de axudas de emerxencia de pago único de corrente, e tamén das axudas de lactancia infantil, á vista do informe do Departamento de Servizos Sociais. Mantéñense as subvencións nominativas incorporando novas entidade na área de Benestar Social.

Mantense a dotación para a subvención a favor da Banda de Música Municipal, da Asociación Protectora de Animais, así como para as Mancomunidades de Montes para labores de mantemento e desbroce dentro do programa de Medio Ambiente.

Mantense unha dotación para programas de axudas a creación de emprego no programa 241.

A aplicación orzamentaria máis significativa segue a ser a correspondente achega a realizar ó Organismo Autónomo Fundación de Deportes que ascende a 1.275.935,10€, e as principais variacións operadas nas restantes aplicacións son as seguintes: incrementouse a dotación a axudas de estudo que pasaron a 65.000,00€ asemade en fomento do emprego se aumentou a dotación para becas de estudo a 18.000,00€ e a 85.000,00€ no apartado de educación. Tamén se recolle unha dotación de 20.392,65€ para a docencia do cuarto ciclo da Universidade de Santiago de Compostela para formación de persoais maiores.

CAPÍTULO V- FONDO DE CONTINXENCIA

Xa dende o exercicio 2017, como consecuencia da cancelación do Plan de Axuste, deixou de ser obrigatorio a consignación inicial dun fondo de continxencia equivalente o 0,5% da total dos gastos non financeiros (Cap. 1, 2 e 4), tal e como establecía o artigo 18.4 do RD 8/2013 , de 28

de xuño; non obstante en sucesivos orzamentos se seguiu a dotar de crédito este capítulo co fin de contar sempre cunha marxe de actuación fronte a situacións excepcionais.

Consígnase unha pequena contía co fin de atender a necesidades inaprazables de carácter non discrecional para as que non se fixo, en todo ou en parte, a axeitada dotación orzamentaria, dotación que aparecerá consignada na aplicación 929-500, polo importe de 40.000 €.

O funcionamento e natureza deste capítulo e o seu crédito ven regulado na base 31ª das BEO 2025.

CAPÍTULO VI- INVERSIÓNS REAIS

O capítulo VI de inversións pasa a ser de 3.306.000,00€ e se inclúe a previsión da concertación dunha operación de crédito de 3.000.00,00 €, financiándose con outros recursos a cantidade restante de 306.306,00€ e que se corresponden co importe de inversión na actualización do PXOM por importe de 106.000,00€ e o importe de 200.000,00€ para elaboración de proxectos da Xerencia de Urbanismos.

Os créditos orzamentarios para Inversións Reais supoñen o 8,39% do total do Orzamento. Remítome ao anexo de investimentos no referente ás características de cada inversión.

CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

En relación coas transferencias de capital mantense a dotación para a subvención de capital derivada do Convenio de colaboración que cada ano asínase co Padroado da Banda Municipal de Música por importe de 7.500,00€.

Mantense crédito de 30.000,00€ para axudas de emerxencia para gastos hipoteca que se imputarán na aplicación orzamentaria 231-78001.

CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS

En correlación có capítulo 8 de ingresos e polo mesmo importe de 150.000,00€, recolle ós créditos destinados a concesión de préstamos de anticipos de nómina reintegrables ó persoal, mantendo o importe do exercicio anterior xa que o importe anual de estaas operacións de anticipos de nómina foi no ano 2024 de 76.450,69€, polo que a cantidade actualmente orzamentada se estima suficiente sen necesidade de establecer unha convocatoria competitiva única durante o ano.

CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS

Recóllense os gastos que realiza o Concello como consecuencia da amortización de créditos e pasivos financeiros da entidade. A estimación realízase pola Tesourería Municipal sobre a base dos datos facilitados pola diferentes entidades bancarias confeccionando o Estado da Débeda para o 2025.

Este capítulo vese reducido respecto o 2024 como consecuencia da moderación de tipos de xuro que afectan loxicamente as operacións de crédito concertadas a tipo variable e vivas durante o exercicio 2025, así como as operacións de amortización anticipada das operación de endebedamento máis gravosas. Este apartado recolle unha redución dos xuros do 59,37% e por un importe da redución total de 185.866,71€.

B) ESTADO DE INGRESOS:

I	CAPÍTULO	2025	2024	r DIFERENCIA	r %
1	IMPOSTOS DIRECTOS	12.301.926,89 €	12.075.232,43 €	226.694,46 €	1,88
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	605.673,45 €	560.282,42 €	45.391,03 €	8,10
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	8.493.935,51 €	7.077.171,63 €	1.416.763,88 €	20,02
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	14.835.138,38 €	15.111.676,69 €	- 276.538,31 €	-1,83
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.689,23 €	9.689,23 €		0,00
6	ALLEACIÓN DE INVERSIONS REAIS				0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL				0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	150.000,00 €	150.000,00 €		0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	3.000.000,00 €	4.903.147,84 €	-1.903.147,84 €	-38,81
	Total Presuposto...	39.396.363,46 €	39.887.200,24 €	- 490.836,78 €	? -1,23

O Orzamento de ingresos para o exercicio 2025 se reduce un 1,23% con respecto ao Orzamento de ingresos do exercicio 2024.

CAPÍTULO I- IMPOSTOS DIRECTOS

Neste capítulo recóllense os recursos procedentes dos impostos máis importantes que se xeran no municipio. Comprende o Imposto de Bens Inmóbiles, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

A elaboración das previsións dos capítulos I a III do estado de ingresos fíxose sobre a base do informe confeccionado pola Tesourería Municipal e que consta no expediente.

O capítulo 1 experimentan un incremento do 1,88% derivada da actualización das ordenanzas fiscais operada o ano 2024 con efecto no presente ano 2025: O IBI se modificou o tipo do imposto que graba os bens inmobles de características especiais (BICES), pasando do 0,75% ao 0,96%; se incrementou o IAE no tocante ao índice de situación.

CAPÍTULO II- IMPOSTOS INDIRECTOS

Este capítulo baseado exclusivamente no ICIO increméntase nun 8,10%, tomando como referencia as previsións da Tesoureira baseadas en criterios de prudencia, se modificou a ordenanza municipal reguladora e o tipo pasaou do 3,24% ao 4%, sendo o resto do incremento resultado da recuperación da actividade económica de construción que se está a rexistrar.

CAPÍTULO III- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Este é un dos capítulos que sofre un incremento relevante do 20,02%.

Vencellado por una parte a aqueles conceptos con actividades culturais, ocio e lecer deportivo... etc, que empezan a recuperarse tras a pandemia polo que implica unha mellora na recadación de ditos conceptos.

Noutra parte importante deriva da recadación pola recollida de lixo se aprobou unha ordenanza nova actualizada a normativa europea e o canon que a sua vez se debe pagar a SOGAMA. Incremetándose as tarifas con carácter xeral nun 22%.

Neste apartado tamén se reflicte a recadación derivada do cobro por multas de tráfico, a estes efectos se ten reforzado os medios técnicos e de persoal administrativo para facelo efectivo.

Este capítulo orzamentouse en base ao informe da Tesoureira municipal obrante no expediente. Todas as previsións no Capítulo 3 de Ingresos se adecúan á información remitida polo departamento de Tesourería.

CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

As aplicacións orzamentarias máis importantes son as que corresponden á participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, así como as transferencias correntes desta última destinados ao cofinanciamento de determinados servizos. Debese destacar o aumento da participación dos tributos do Estado.

En canto ás subvencións por transferencias correntes estimáronse en base aos últimos compromisos de ingreso, a información facilitada polos diferentes servizos afectados, resolucións de concesión ou ingreso das mesmas nas arcas municipais, e no seu defecto, tomouse como referencia o importe concedido no exercicio anterior, tales como subvencións para sostemento do servizos de Drogodependencia, Servizos Sociais de Base (Plan Concertado), Servizo de Axuda no fogar, Dependencia, Escola Infantil , ADL, Conservatorio, Escola de Música, Aula Cemit.....etc.

Descrición	Económico	ORZAMENTO 2025
SUBV. PREVENCIÓN SPAD	45061	31.989,47
SUBV. CONSELLERÍA PRESIDENCIA, CONVENIO SERVIZO DROGODEPENDENCIA	45061	384.120,35
APORTACIÓN CONCELLOS SALNES SPAD PREVENCIÓN	46200	19.750,00
CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN UNIVERSITARIA-PROGRAMA LER CONTA MOITO	45030	802,46
SUBVENCIÓN DOTACIÓN NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO	45030	2.325,58
MELLORA COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS	45030	3.901,68
SUBV. CONSELLERÍA TRABALLO, ACTIV. INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO	45050	31.800,00 €
subv. Xunta de Galicia AULA CEMIT	45050	15.000,00 €
SUBV. CONSELLERÍA TRABALLO E BENESTAR, PLAN CONCERTADO	45002	1.190.546,00
SUBV. CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, PROG. APOIO E MANTTO. DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES	45002	52.000,00
PACTO DE ESTADO VIOLENCIA DE XÉNERO SUBV	42090	18.623,45
SUBV. FEADER CONSELLERÍA MEDIO RURAL BRIGADAS FORESTAIS	45080	41.806,00 €

CAPÍTULO V- INGRESOS PATRIMONIAIS

Se consignan unhas previsións de ingresos por xuros das contas correntes operativas do Concello e por cánones de explotación de bens de titularidade municipal practicamente idénticas ao exercicio 2024.

Non se contemplan ingresos procedentes de convenios urbanísticos.

CAPÍTULO VI- ALLEACIÓN DE INVERSIÓN REALS

Non se contempla no presente ORZAMENTO.

CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

As transferencias de capital trátanse de recursos afectados que financian obras incluídas no Anexo de Inversións do ORZAMENTO.

Non se contempla no presente ORZAMENTO.

CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS

Recolle os ingresos procedentes dos reintegros de préstamos a conceder ó persoal do Concello pola contía habitual de 150.000,00€.

CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS

Se prevé a concertación a final do exercicio 2025 dunha operación de crédito afectado o seu Anexo de Inversións que se incorpora ao expediente do orzamento por importe de 3.000.000,00 € e que se resume nas seguintes actuacións de inversión:

		Inversión 2025	
1530	61900	Plan asfaltados	550.000,00
1722	60900	Praias Preguntoiro e Bamio	250.000,00
1720	60900	Actuación río Con arbolado	277.655,11
133	60900	Aparcamiento Carril	215.000,00
1720	60900	Baños autolimpiables 2 e aseos públicos	214.520,00
171	61900	Pista multideporte Rúa Ourense Carril e outros parques	200.000,00
920	62200	Balneario fachada	150.000,00
1530	62500	Placas rúas Concello	125.000,00
160	61900	Saneamento outras inversións reposición infraestructuras	100.000,00
1530	61900	Actuación en A Rosa e accesibilidade barandilla	100.000,00
342	61900	Reforma pabellón Bamio	80.000,00
1530	62400	Parque mobil servizo obras e vías públicas	74.187,90
165	62300	Renovación luminarias R. Castro, J.C.I, S. Roque e Carolinas	64.468,16
132	61900	Sinalización e pintado	50.000,00
1530	62500	Mobiliario urbano	50.000,00
432	64000	Imaxe institucional	50.000,00
9201	62600	Informática Hardware	50.000,00
9201	64100	Informática Software	75.000,00
334	62500	Patrimonio cultural	46.000,00
336	61900	Patrimonio histórico	45.488,00
132	62300	Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	25.000,00
164	63200	Reforma instalacións e elementos constructivos cementerios	25.000,00
1530	61900	Mellora seguridade viaria Pablo Picasso	22.845,02
3261	62500	Ventás, cortinas e cadeiras Conservatorio	20.500,00
1530	62300	Bomba calor e andeiros almacenaxe Obras	19.160,35
926	64100	Renovación Web	18.150,00
132	62200	Vestuarios Policía	18.000,00
334	62500	Carpas cultura	17.554,08
165	62300	Plataforma altura electricidade	12.986,33
3321	62300	Biblioteca sistema antihurto libros	12.000,00
164	62300	Excavadora Resi cementerios	10.769,00
454	60000	Adquisición terreo A Torre	10.000,00
320	62200	Ventás casa colexio Carril	10.000,00
2311	62500	Mobiliario Spad	3.500,00
4312	62300	Aire acondicionado Praza	3.000,00
3321	62500	Biblioteca paneis lamas e mobiliario sala infantil	3.000,00
1530	62500	Renovación cadeiras obras	1.216,05

C) BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

As Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2025 se manteñen con carácter xeral inalteradas respecto as xa vigentes coa excepción exposta na base nove respecto do nivel de vinculación das aplicacións do capítulo 1 de persoal expostas no apartado A, gastos de persoal capítulo 1 in fine, e das previsións de subvencións nominativas e de puntualizacións na redacción máis clara nalgún aspecto.

D) TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO:

A LOEOSF obriga á aprobación dun teito de gasto non financeiro para cada exercicio.

Para o cálculo do teito de gasto, o artigo 30 da “Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera” establece:

“1. El Estado, las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales aprobarán, en sus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto no financiero, coherente con el objetivo de estabilidad presupuestaria y la regla de gasto, que marcará el techo de asignación de recursos de sus Presupuestos.

El límite de gasto no financiero excluirá las transferencias vinculadas a los sistemas de financiación de Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales.(...)”.

Dende o 20 de outubro de 2020 operou a suspensión dos obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e da regra de gasto para o período 2020-2023, e que volta a estar operativo para o exercicio 2024 por elo segue a resultar necesario aprobar un límite de gasto no financeiro de conformidade có art. 30 da LOEPSF, que virá limitado polo total de ingresos non financeiros e a nivelación presupostaria do TRLRL, en canto a que os ingresos correntes deben dar cobertura os gastos correntes e os gastos de amortización de débeda.

O teito de gasto non financeiro consolidado para o 2025, dentro do límite dos INGRESOS NON FINANCIEROS e coherente có principio de nivelación orzamentaria e ascende a 36.305.378,46€.

GASTOS	
CAPÍTULO	ENTIDADE LOCAL
1 GASTOS DE PERSOAL"	14.884.049,73 €
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	16.610.868,14 €
3 GASTOS FINANCIEROS	128.455,01 €
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.473.557,42 €
5 FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	40.000,00 €
6 INVERSIONS REAIS	3.306.000,00 €
7 TRANSFERENCIAS CAPITAL DE	52.000,00 €
8 ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00 €
9 PASIVOS FINANCIEROS	751.433,16 €
Total Presuposto...	39.396.363,46 €
INGRESOS	
CAPÍTULO	ENTIDADE LOCAL
1 IMPOSTOS DIRECTOS"	12.301.926,89 €
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	605.673,45 €
3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	8.493.935,51 €
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	14.835.138,38 €
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	9.689,23 €
6 ALLEACIÓN DE INVERSIONS REAIS	
7 TRANSFERENCIAS CAPITAL DE	
8 ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00 €
9 PASIVOS FINANCIEROS	3.000.000,00 €
Total Presuposto...	39.396.363,46 €

CONCLUSIONES:

Se presenta a aprobación un orzamento potente para un mantemento das políticas sociais de apoio aos mais vulnerables o que implica un incremento moi importante de mais de 500.000 euros ca mellora na calidade do servizo tan crucial como o programa de Axuda a domicilio (SAF), un incremento importante tamen na mellora das retribucións salariais, incremento de prazas, as novas obrigas á Seguridade Social ca aplicación progresiva do MEI, a promoción interna etc., outros servizos xerais como a limpeza de instalacións, a recollida de lixo e o tratamento de residuos, tres conceptos con importantes incrementos de gasto, todo sen desatender o impulso do emprego e do emprendemento, recuperando significativamente a iniciativa pública na realización de inversións estruturais e reforzando as políticas de educación, cultura, patrimonio, igualdade, etc.

Segue a ser primordial a vertente social da nosa xestión mediante o incremento das dotacións para axudas, becas, así como para a prestacións de servizos no ámbito do benestar social, igualdade.

O proxecto de orzamento 2025 recolle unhas previsións de ingresos correntes reais e prudentes pero acomodadas a un alza de prezos elevada e acumulado dende o anterior orzamento aprobado no ano 2024: suficientes para a cobertura os gastos crecentes nas actuacións propias do concello, así como atender os servizos mais esenciais, sendo imprescindible acudir o endebedamento financeiro para poder acometer investimentos estruturais que dan continuidade as iniciativas xa comezadas en anos anteriores, e que respostan as peticións veciñais que se foron recibindo e escoitando dos colectivos.

Un orzamento equilibrado, sostible, estable e por iso estimo que é posible facer efectivo o compromiso deste goberno de seguir executando as políticas necesarias sen menoscabo da calidade dos servizos mínimos municipais necesarios, nin esquecer o obrigado compromiso coas políticas asistenciais, permitindo no seu conxunto unha xestión eficaz do gasto publico dentro dunha política de austeridade, sen esquecer as accións destinadas a servizos e actividades de solidariedade social prestados polo propio cconcello, en beneficio do interese xeral e do conxunto da cidadanía de Vilagarcía de Arousa.

En base ao exposto propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.-A aprobación do Orzamento Municipal consolidado para o exercicio 2025 por importe total de 39.455.378,46€ e co seguinte detalle:

ORZAMENTO ECONÓMICO DE GASTOS

C O	A	P	Í	T	U	L	ENTIDADE LOCAL	OOAA	TOTAL	ELIMINACIÓN S	CONSOLIDAD O
1						GASTOS DE	14.884.049,73 €	632.101,04 €	15.516.150,77 €		15.516.150,77 €
						PERSONAL					
2						GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS"	16.610.868,14 €	564.939,06 €	17.175.807,20 €		17.175.807,20 €
3						GASTOS FINANCEIROS	128.455,01 €	50,00 €	128.505,01 €		128.505,01 €
4						TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.473.557,42 €	134.360,00 €	3.607.917,42 €	1.275.935,10 €	2.331.982,32 €
5						FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	40.000,00 €		40.000,00 €		40.000,00 €
6						INVERSIONS REAIS	3.306.000,00 €	3.500,00 €	3.309.500,00 €		3.309.500,00 €
7						TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	52.000,00 €		52.000,00 €		52.000,00 €
8						ACTIVOS FINANCEIROS	150.000,00 €		150.000,00 €		150.000,00 €
9						PASIVOS FINANCEIROS	751.433,16 €		751.433,16 €		751.433,16 €
Total Presuposto...							39.396.363,46 €	1.334.950,10 €	40.731.313,56 €		39.455.378,46 €

ORZAMENTO ECONÓMICO DE INGRESOS:

C O	A	P	Í	T	U	L	ENTIDADE LOCAL	OOAA	TOTAL	ELIMINACIÓN S	CONSOLIDAD O
1						IMPOSTOS DIRECTOS	12.301.926,89 €		12.301.926,89 €		12.301.926,89 €
2						IMPOSTOS INDIRECTOS	605.673,45 €		605.673,45 €		605.673,45 €
3						TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS"	8.493.935,51 €	40.010,00 €	8.533.945,51 €		8.533.945,51 €
4						TRANSFERENCIAS CORRENTES	14.835.138,38 €	1.294.935,10 €	16.130.073,48 €	1.275.935,10 €	14.854.138,38 €
5						INGRESOS PATRIMONIAIS	9.689,23 €	5,00 €	9.694,23 €		9.694,23 €
6						ALLEACIÓN DE INVERSIONS REAIS			- €		- €
7						TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			- €		- €
8						ACTIVOS FINANCEIROS	150.000,00 €		150.000,00 €		150.000,00 €

9	PASIVOS	3.000.000,00 €		3.000.000,00 €		3.000.000,00 €
FINANCEIROS						
Total Presuposto...		39.396.363,46 €	1.334.950,10 €	40.731.313,56 €		39.455.378,46 €

Concello de Vilagarcía de Arousa

1	CAPÍTULO	ENTIDADE LOCAL
	GASTOS DE PERSOAL	14.884.049,73 €
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	16.657.023,78 €
3	GASTOS FINANCEIROS	137.257,67 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.473.557,42 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	40.000,00 €
6	INVERSIONS REAIS	3.306.000,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	52.000,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	150.000,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	696.474,86 €
	Total Presuposto...	39.396.363,46 €
	INGRESOS	
	CAPÍTULO	ENTIDADE LOCAL
1	IMPOSTOS DIRECTOS	12.301.926,89 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	605.673,45 €
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	8.493.935,51 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	14.835.138,38 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.689,23 €
6	ALLEACIÓN DE INVERSIONS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	DE
8	ACTIVOS FINANCEIROS	150.000,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	3.000.000,00 €
	Total Presuposto...	39.396.363,46 €

Organismo Autónomo FPSDM

	GASTOS	
	CAPÍTULO	OOAA
1	GASTOS DE PERSOAL	632.101,04 €
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	564.939,06 €
3	GASTOS FINANCEIROS	50,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	134.360,00 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	
6	INVERSIONS REAIS	3.500,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	
	Total Presuposto...	1.334.950,10 €
	INGRESOS	
	CAPÍTULO	OOAA
1	IMPOSTOS DIRECTOS	
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	40.010,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.294.935,10 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	5,00 €
6	ALLEACIÓN DE INVERSIONS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
8	ACTIVOS FINANCEIROS	

9	PASIVOS FINANCIEROS	
	Total Presupuesto...	1.334.950,10 €

2.- Aprobar a concertación dunha operación de crédito afectado o seu anexo de investimentos que se incorpora com anexo ao expediente do orzamento por importe de 3.000.000,00€.

3.- Aprobación do Teito de Gasto non Financeiro para o exercicio 2025, que ascende a 36.305.378,46€.

4.- Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo xunto coa actualización do Catálogo de Postos de traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2025, que se unen como anexo a esta proposta e na que figuran as modificacións expostas. En particular a creación das seguintes prazas: 1 Administrativo (Policía Local), 1 Operario de Servizos (Parking Municipal), 1 Oficial de Compostaxe (MMAA). E a ampliación global de 20 horas semanais de xornada a catro postos de profesor música adscritos á Escola Municipal de Música. Habilitar a dotación das partidas orzamentarias necesarias (Policía Local e Emerxencias) para a percepción futura e retroactiva (4 anos) segundo a xurisprudencia mencionada do/s concepto/s variables en réxime de quendas integrados dentro da xornada ordinaria de traballo.

5.- Proceder a actualización do importe da achega municipal ao plan de pensións segundo o IPC e o previsto no acordo de negociación colectiva vixente (Acordo Marco e Convenio Colectivo) que establece no artigo 71, o que supón que aportación individual anual para o ano 2025 sería de 40,85€/mes, cun incremento global total das achegas respecto ao ano 2024 de 3.729,60€ anuais.

6.- Aprobar a inclusión na Oferta de Emprego Público para o ano 2025 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

PRAZA	PUESTO RPT	ATAREA DE GASTO	SITUACIÓN	GRUPO	Total
- AUXILIAR ADMINISTRATIVO	- AUXILIAR ADMINISTRATIVO	- 150 - XERENCIA DE URBANISMO	= I	C2	1
		B 920 - ADMINISTRACIÓN XERAL	d V	C2	1
		B 931 - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA	d I	C2	2
- OFICIAL COMPOSTAXE	- OFICIAL COMPOSTAXE	B172 - MEDIO AMBIENTE	d V	C1	1
B OPERARIO	B OPERARIO	B 334 - PROMOCIÓN CULTURAL	d I	AP	1
- OPERARIO R.S.U.	- OPERARIO SERVICIOS	- 172 - MEDIO AMBIENTE	d I	AP	1
		B133 - ESTACIONAMIENTO	d I	AP	1
B OPERARIO SERVICIOS	- OPERARIO SERVICIOS	B 342 - FPSDM	d I	AP	2
		- 4312 - MERCADOS	d I	AP	1
B POLICIA (GARDA) LOCAL	- POLICIA (GARDA) LOCAL	B132 - SEGURIDADE E ORDE PÚBLICO	d V	C1	3
B TSAX	- XEFE SECCIÓN	- 931 - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA	d T	A1	1

7.- Aprobar a convocatoria por Promoción Interna seguinte:

Con cargo planificación extraordinaria de RRHH e coa amortización das prazas de orixe en caso de superarse os procesos selectivos:

DENOMINACIÓN	DO T	R.E	SubGR	AREA/SERVIZO
OFICIAL	1	F	C2	INSTALACIÓNS CULTURA
OFICIAL ELECTRICISTA	2	F	C2	ELECTRICIDADE
AUXILIAR BIBLIOTECA	5	F	C2	BIBLIOTECA
ENCARGADO SERVICIOS MULTIPLES DEPORTES	1	F	C2	FPSDM
TÉCNICO/A MEDIO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (TMAX)	1	F	A2	XERAL
TÉCNICO MEDIO ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DISEÑO GRÁFICO (TMAE)	1	F	A2	COMUNICACIÓN

Con cargo a prazas vacantes previstas: 1 Praza de Inspector do Corpo de Policía Local subgrupo A2; 1 Praza Subgrupo A2 de Técnico Medio Administración Especial A2, Dirección Biblioteca; 1 Praza Subgrupo A2 Técnico Medio Administración Xeral; 5 Prazas de Administrativo/a subgrupo C1.

8.- Aprobar a recuperación a un total de 9 días de asuntos particulares (moscosos) previstos no Acordo Marco e Convenio Colectivo para o ano 2025 e seguintes.

9.- Aprobar as Bases de execución do Orzamento (BEO) do ano 2025.

10.- Publicar o cadro de persoal e relación de postos de traballo integramente no Boletín Oficial da Provincia, xunto co resumo do Orzamento, e que se remita copia ás administracións do estado e da Comunidade Autónoma.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica
O Alcalde,
Asdo.:D. Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Pola Presidenta da Comisión Informativa, Dona Luz M^a Abalo Pérez, indicase que lle gustaría comentar e agradecer publicamente aos tres altos funcionarios presentes na Comisión, a súa colaboración indispensable na elaboración do documento, tan necesario para a boa marcha deste Concello.

Polo Sr. Fajardo Recouso indícase que presentou no día de hoxe as propostas a incluír no Orzamento do Concello de 2025.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do orzamento xeral do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2025, Anexo de Investimentos e Operación de Crédito que o financia. Bases de Execución, cadro de persoal (plantilla), RPT e oferta de emprego público.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2), nove votos en cotra dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (8) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

1.-Aprobar o Orzamento Municipal consolidado para o exercicio 2025 por importe total de 39.455.378,46€ e co seguinte detalle:

ORZAMENTO ECONÓMICO DE GASTOS

C O	A	P	Í	T	U	L	ENTIDADE LOCAL	OOAA	TOTAL	ELIMINACIÓN S	CONSOLIDAD O
1						DE	14.884.049,73 €	632.101,04 €	15.516.150,77 €		15.516.150,77 €
2						E	16.610.868,14 €	564.939,06 €	17.175.807,20 €		17.175.807,20 €
3											
							128.455,01 €	50,00 €	128.505,01 €		128.505,01 €
4							3.473.557,42 €	134.360,00 €	3.607.917,42 €	1.275.935,10 €	2.331.982,32 €
5							40.000,00 €		40.000,00 €		40.000,00 €
6							3.306.000,00 €	3.500,00 €	3.309.500,00 €		3.309.500,00 €
7						DE	52.000,00 €		52.000,00 €		52.000,00 €
8						ACTIVOS	150.000,00 €		150.000,00 €		150.000,00 €
9						PASIVOS	751.433,16 €		751.433,16 €		751.433,16 €
							39.396.363,46 €	1.334.950,10 €	40.731.313,56 €		39.455.378,46 €

ORZAMENTO ECONÓMICO DE INGRESOS:

C O	A	P	Í	T	U	L	ENTIDADE LOCAL	OOAA	TOTAL	ELIMINACIÓN S	CONSOLIDAD O
1						IMPOSTOS	12.301.926,89 €		12.301.926,89 €		12.301.926,89 €
						DIRECTOS					
2						IMPOSTOS	605.673,45 €		605.673,45 €		605.673,45 €
						INDIRECTOS					
3	TAXAS,	PREZOS	PÚBLICOS	E	OUTROS		8.493.935,51 €	40.010,00 €	8.533.945,51 €		8.533.945,51 €
	INGRESOS"										
4						TRANSFERENCIAS	14.835.138,38 €	1.294.935,10 €	16.130.073,48 €	1.275.935,10 €	14.854.138,38 €
						CORRENTES					
5						INGRESOS PATRIMONIAIS	9.689,23 €	5,00 €	9.694,23 €		9.694,23 €
6	ALLEACIÓN					DE INVERSIONS					- €
	REAIS								- €		
7						TRANSFERENCIAS DE					- €
						CAPITAL			- €		
8						ACTIVOS	150.000,00 €		150.000,00 €		150.000,00 €
						FINANCEIROS					
9						PASIVOS	3.000.000,00 €		3.000.000,00 €		3.000.000,00 €
						FINANCEIROS					
Total Presuposto...							39.396.363,46 €	1.334.950,10 €	40.731.313,56 €		39.455.378,46 €

Concello de Vilagarcía de Arousa

1	C A P Í T U L O	ENTIDADE LOCAL
	GASTOS DE PERSOAL	14.884.049,73 €
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	16.657.023,78 €
3	GASTOS FINANCEIROS	137.257,67 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.473.557,42 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	40.000,00 €
6	INVERSIONS REAIS	3.306.000,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	52.000,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	150.000,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	696.474,86 €
	Total Presuposto...	39.396.363,46 €
	INGRESOS	
	C A P Í T U L O	ENTIDADE LOCAL
1	IMPOSTOS DIRECTOS	12.301.926,89 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	605.673,45 €
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	8.493.935,51 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	14.835.138,38 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.689,23 €
6	ALLEACIÓN DE INVERSIONS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
8	ACTIVOS FINANCEIROS	150.000,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	3.000.000,00 €
	Total Presuposto...	39.396.363,46 €

Organismo Autónomo FPSDM

	GASTOS	
	C A P Í T U L O	OOAA
1	GASTOS DE PERSOAL	632.101,04 €
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	564.939,06 €
3	GASTOS FINANCEIROS	50,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	134.360,00 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	
6	INVERSIONS REAIS	3.500,00 €

7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	
9	PASIVOS FINANCIEROS	
	Total Presuposto...	1.334.950,10 €
	INGRESOS	
	C A P Í T U L O O O A A	
1	IMPOSTOS DIRECTOS"	
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	40.010,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.294.935,10 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	5,00 €
6	ALLEACIÓN DE INVERSIONS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	
9	PASIVOS FINANCIEROS	
	Total Presuposto...	1.334.950,10 €

2.- Aprobar a concertación dunha operación de crédito afectado o seu anexo de investimentos que se incorpora com anexo ao expediente do orzamento por importe de 3.000.000,00€.

3.- Aprobar o Teito de Gasto non Financeiro para o exercicio 2025, que ascende a 36.305.378,46€.

4.- Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo xunto coa actualización do Catálogo de Postos de traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2025, que se unen como anexo a esta proposta e na que figuran as modificacións expostas. En particular a creación das seguintes prazas: 1 Administrativo (Policía Local), 1 Operario de Servizos (Parking Municipal), 1 Oficial de Compostaxe (MMAA). E a ampliación global de 20 horas semanais de xornada a catro postos de profesor música adscritos á Escola Municipal de Música. Habilitar a dotación das partidas orzamentarias necesarias (Policía Local e Emerxencias) para a percepción futura e retroactiva (4 anos) segundo a xurisprudencia mencionada do/s concepto/s variables en réxime de quendas integrados dentro da xornada ordinaria de traballo.

5.- Proceder a actualización do importe da achega municipal ao plan de pensións segundo o IPC e o previsto no acordo de negociación colectiva vixente (Acordo Marco e Convenio Colectivo) que establece no artigo 71, o que supón que aportación individual anual para o ano 2025 sería de 40,85€/mes, cun incremento global total das achegas respecto ao ano 2024 de 3.729,60€ anuais.

6.- Aprobar a inclusión na Oferta de Emprego Público para o ano 2025 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

PRAZA	PUESTO RPT	ATAREA DE GASTO	SITUACIÓN -	GRUP O	Total
- AUXILIAR ADMINISTRATIVO	- AUXILIAR ADMINISTRATIVO	- 150 - XERENCIA DE URBANISMO	= I	C2	1
		B 920 - ADMINISTRACIÓN XERAL	d V	C2	1
		B 931 - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA	d I	C2	2
- OFICIAL COMPOSTAXE	- OFICIAL COMPOSTAXE	B172 - MEDIO AMBIENTE	d V	C1	1
B OPERARIO	B OPERARIO	B 334 - PROMOCIÓN CULTURAL	d I	AP	1
- OPERARIO R.S.U.	- OPERARIO SERVICIOS	- 172 - MEDIO AMBIENTE	d I	AP	1
		B133 - ESTACIONAMIENTO	d I	AP	1
B OPERARIO SERVICIOS	- OPERARIO SERVICIOS	B 342 - FPSDM	d I	AP	2
		- 4312 - MERCADOS	d I	AP	1
B POLICIA (GARDA) LOCAL	- POLICIA (GARDA) LOCAL	B132 - SEGURIDADE E ORDE PÚBLICO	d V	C1	3
B TSAX	- XEFE SECCIÓN	- 931 - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA	d T	A1	1

7.- Aprobar a convocatoria por Promoción Interna seguinte:

Con cargo planificación extraordinaria de RRHH e coa amortización das prazas de orixe en caso de superarse os procesos selectivos:

DENOMINACIÓN	DO T	R.E .	SubGR	AREA/SERVIZO
OFICIAL	1	F	C2	INSTALACIÓNS CULTURA
OFICIAL ELECTRICISTA	2	F	C2	ELECTRICIDADE
AUXILIAR BIBLIOTECA	5	F	C2	BIBLIOTECA
ENCARGADO SERVICIOS MULTIPLES DEPORTES	1	F	C2	FPSDM
TÉCNICO/A MEDIO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (TMAX)	1	F	A2	XERAL
TÉCNICO MEDIO ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DISEÑO GRÁFICO (TMAE)	1	F	A2	COMUNICACIÓN

Con cargo a prazas vacantes previstas: 1 Prazo de Inspector do Corpo de Policía Local subgrupo A2; 1 Prazo Subgrupo A2 de Técnico Medio Administración Especial A2, Dirección Biblioteca; 1 Prazo Subgrupo A2 Técnico Medio Administración Xeral; 5 Prazas de Administrativo/a subgrupo C1.

8.- Aprobar a recuperación a un total de 9 días de asuntos particulares (moscosos) previstos no Acordo Marco e Convenio Colectivo para o ano 2025 e seguintes.

9.- Aprobar as Bases de execución do Orzamento (BEO) do ano 2025.

10.- Expoñer ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o orzamento xeral do Concello e da FPSDM do ano 2025, por 15 días, coa finalidade de que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

11.- Publicar o cadro de persoal e relación de postos de traballo integramente no Boletín Oficial da Provincia, xunto co resumo do Orzamento, e que se remita copia ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, unha vez aprobado definitivamente o orzamento xeral do Concello e da FPSDM do ano 2025.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 1 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

A conta xeral do exercicio 2024, formada pola Intervención, foi elaborada de acordo co conxunto normativo seguinte:

- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL 2/2004), en materia de orzamentos.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, en adiante ICAL. Regras 44 a 51.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Artigo 48 do RD Lei 11/2020 de 31 de marzo.

O contido da conta xeral, regulado no artigo 209 do TRLRFL con carácter xeral, e detallado nas regras 44 a 51 da ICAL, que integra o expediente, constará das seguintes partes:

1. O Balance
2. Conta De Resultado Económico-Patrimonial
3. O Estado De Cambios Do Patrimonio Neto
4. O Estado De Fluxos De Efectivo
5. Liquidación Do Orzamento
 - a. Resultado Orzamentario

b. Remanente Líquido de Tesourería

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 209.2 do TRLRFL, a Conta Xeral das entidades locais, estará integrada ademais de pola conta da propia entidade pola dos seus organismos dependentes, polo que se somete a esta Comisión a Conta da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2024,

A documentación consta anexa a esta proposta e incorporada ao expediente electrónico tanto para o Concello como para o organismo Autónomo da FPSDM, así como os estados consolidados.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como no art. 212.4 da LALG e o artigo 48 do RD Lei 11/2020 de 31 de marzo.

Esta Alcaldía propón á Comisión Informativa Especial de Contas: A aprobación da Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo FPSDM, correspondente ao exercicio 2024.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e da FPSDM, correspondente ao exercicio 2024, así como, expoñela ao público durante o prazo de quince días, para que, durante dito prazo, os interesados poidan presentar todas as reclamacións que consideren oportunas, tal e como dispón o artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Dáse conta que se cumpriron os trámites de exposición ao público mediante publicación do expediente no BOP N° 168, de 4 de setembro de 2025, sen que se presentasen alegacións, tal e como consta no certificado da Secretaría Xeral.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2), unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1) e oito votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8)

ACÓRDASE Por maioría aprobar definitivamente a Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu Organismo Autónomo -FPSDM, correspondente ao exercicio de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, DE REXEITAMENTO DOS LAMENTABEIS FEITOS ACAECIDOS NOS ÚLTIMOS DÍAS EN TORRE PACHECO(MURCIA).-

Polo Concelleiro do grupo municipal de EU solicítase a retirada do asunto da sesión plenaria.

Polo Sr. Alcalde procédese á retirada da orde do día da presente sesión, do asunto citado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=5>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:
Cando algunha das asociación s ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervención s de asociación s ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=6>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á VAGA DE LUMES FORESTALS QUE ASOLOU GALIZA NO MES DE AGOSTO E A NECESIDADE DUNHA POLÍTICA DE PREVENCIÓN E UNHA XESTIÓN INTEGRAL DO MEDIO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 29 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político do BNG coa data de 15 de setembro de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á VAGA DE LUMES FORESTALS QUE ASOLOU GALIZA NO MES DE AGOSTO E A NECESIDADE DUNHA POLÍTICA DE PREVENCIÓN E UNHA XESTIÓN INTEGRAL DO MEDIO.

Galiza viviu no pasado mes de agosto unha das peores vagas de lumes forestais da súa historia recente. A desolación e a ferida aberta que esta catástrofe ambiental, social e económica deixou en gran parte do noso territorio (nomeadamente nas comarcas de Ourense) son palpábeis e esixen unha reacción inmediata e contundente.

En canto ás dimensións reais do desastre, o sistema europeo Copernicus fixo unha estimación de máis de 143.000 hectáreas queimadas no mes de agosto (145.000 en todo o ano), mentres que a Xunta deu uns datos sensibelmente inferiores: 108.411 en agosto e 110.994 en todo o ano. Esta vaga de lumes, máis que unha praga bíblica, ou unha acción atribuíble soamente a mentes perturbadas, é a consecuencia directa dunha xestión absolutamente negligente por parte do goberno galego, tanto na prevención como na xestión da emerxencia.

O modelo de loita contra o lume do Partido Popular demostrou, unha vez máis, o seu absoluto fracaso. A falta de planificación, de prevención e de recursos eficientes por parte da Xunta converteu a situación nunha auténtica catástrofe. A xestión foi errática, sen a coordinación necesaria, deixando a moitas brigadas e concellos traballando en circunstancias extremadamente adversas e, en moitos casos, en total desamparo. Malia o esforzo heroico de

brigadas, veciñanza e persoas voluntarias, a quen queremos agradecer e recoñecer publicamente o seu labor, a política forestal do PP non está á altura das necesidades dun país co 70% da súa superficie arbórea.

Esta vaga de lumes deixa unha lección clara: non podemos seguir como estabamos. A rabia, a dor e a indignación ante unha catástrofe que podería terse evitado deben traducirse en acción política. A Xunta de Galiza non pode seguir respondendo con “silencio, resignación ou a rutina de promesas baleiras e propaganda”. O uso político partidista e carroñeiro que o PP quixo facer no medio dos peores incendios da nosa historia é inadmisíbel. Galiza merece un modelo de monte e de rural diferente, que xere riqueza, poña en valor a nosa contorna natural e que nos protexa de forma efectiva.

Por iso, dende o BNG defendemos un cambio estrutural e unha estratexia integral sobre o conxunto do territorio que teña como obxectivo evitar que un desastre deste tipo se volva a repetir. Fronte ás políticas fracasadas do pasado, Galiza precisa unha alternativa de futuro para o noso medio rural, un plan que procure a atención inmediata ás persoas afectadas, a recuperación ambiental real, un novo modelo de monte multifuncional, unha prevención estrutural e eficaz, e a revitalización socioeconómica do rural.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG de Vilagarcía de Arousa presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza á inmediata posta en marcha dun Fondo de Recuperación Económica, Social e Ambiental Xunta-Estado para facer fronte aos danos da vaga de lumes. Este fondo deberá incluír axudas directas de ata 200.000 € para a reconstrución de vivendas e unha achega de ate 6.000 € para autónomos, pequenas e medianas empresas e a economía social, coa mínima burocracia posíbel.
2. Urxir á Xunta de Galiza a pór en marcha un Plan de Emprego Verde de restauración ambiental das áreas afectadas, que se centrará na restauración ecolóxica, a protección da biodiversidade e a recuperación dos solos.
3. Demandar á Xunta a aprobación dunha moratoria inmediata a novas plantacións de eucalipto para reconducir a política forestal cara a un modelo de monte ordenado e multifuncional que xere riqueza e que sexa máis resiliente fronte aos lumes.
4. Instar á Xunta de Galiza a duplicar os fondos de prevención nos dous próximos anos.
5. Esixir o reforzo e a profesionalización dos servizos de prevención e extinción, incluíndo a creación de 70 brigadas móbiles de vixilancia e a dotación de medios e equipos adecuados para o ataque a grandes incendios. Tamén, garantir a mellora das condicións laborais do persoal do servizo.
6. Instar á Xunta a que revise o marco competencial actual en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, nomeadamente en relación coa xestión das redes secundarias de faixas de biomasa, co obxecto de que sexa a Xunta quen asuma a execución subsidiaria das tarefas de limpeza nos casos de incumprimento por parte dos titulares e nas parcelas de propiedade descoñecida.
7. Demandar ao goberno galego que impulse a revitalización socioeconómica do rural, promovendo a mellora dos servizos, o incremento do financiamento dos concellos e alternativas produtivas sostíbeis e que fomenten a mobilización de terras para a produción sustentable de alimentos.
8. Demandar a asunción de responsabilidades políticas por parte dos máximos responsables do goberno galego, comezando polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, pola súa xestión “absolutamente negligente” e por converter a vaga de lumes nunha auténtica catástrofe que podería terse evitado.
9. Adherirse ás mobilizacións convocadas para esixir responsabilidades e apoio na reconstrución e rehabilitación das propiedades e dos espazos rurais e naturais danados.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e EU din que

se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á vaga de lumes forestais que asolou Galiza no mes de agosto e a necesidade dunha política de prevención e unha xestión integral do medio.

- Dáse conta da emenda de adición presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, seguinte:

- No apartado 6 da moción engadir: "nos 313 Concellos de Galicia ou no Concello de Vilagarcía de Arousa".

- Polo grupo político municipal do BNG aceptase engadir: "nos 313 Concellos de Galicia".

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda aceptada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e oito votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político do BNG e:

1. Instar á Xunta de Galiza á inmediata posta en marcha dun Fondo de Recuperación Económica, Social e Ambiental Xunta-Estado para facer fronte aos danos da vaga de lumes. Este fondo deberá incluír axudas directas de ata 200.000 € para a reconstrución de vivendas e unha achega de ate 6.000 € para autónomos, pequenas e medianas empresas e a economía social, coa mínima burocracia posíbel.
2. Urxir á Xunta de Galiza a pór en marcha un Plan de Emprego Verde de restauración ambiental das áreas afectadas, que se centrará na restauración ecolóxica, a protección da biodiversidade e a recuperación dos solos.
3. Demandar á Xunta a aprobación dunha moratoria inmediata a novas plantacións de eucalipto para reconducir a política forestal cara a un modelo de monte ordenado e multifuncional que xere riqueza e que sexa máis resiliente fronte aos lumes.
4. Instar á Xunta de Galiza a duplicar os fondos de prevención nos dous próximos anos.
5. Esixir o reforzo e a profesionalización dos servizos de prevención e extinción, incluíndo a creación de 70 brigadas móbiles de vixilancia e a dotación de medios e equipos adecuados para o ataque a grandes incendios. Tamén, garantir a mellora das condicións laborais do persoal do servizo.
6. Instar á Xunta a que revise o marco competencial actual en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, nomeadamente en relación coa xestión das redes secundarias de faixas de biomasa, co obxecto de que sexa a Xunta quen asuma nos 313 Concellos de Galicia a execución subsidiaria das tarefas de limpeza nos casos de incumprimento por parte dos titulares e nas parcelas de propiedade descoñecida.
7. Demandar ao goberno galego que impulse a revitalización socioeconómica do rural, promovendo a mellora dos servizos, o incremento do financiamento dos concellos e alternativas produtivas sostíbeis e que fomenten a mobilización de terras para a produción sustentable de alimentos.
8. Demandar a asunción de responsabilidades políticas por parte dos máximos responsables do goberno galego, comezando polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, pola súa xestión "absolutamente negligente" e por converter a vaga de lumes nunha auténtica catástrofe que podería terse evitado.
9. Adherirse ás mobilizacións convocadas para esixir responsabilidades e apoio na reconstrución e rehabilitación das propiedades e dos espazos rurais e naturais danados.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, DE APOIO ÁS MEDIDAS DA XUNTA DE GALICIA FRONTE AOS INCENDIOS FORESTAIS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 29 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 16 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 25 de setembro de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“APOIO ÁS MEDIDAS DA XUNTA DE GALICIA FRONTE AOS INCENDIOS FORESTAIS”

EXPOÑEN

Galicia sufriu no mes de agosto de 2025 unha vaga de incendios forestais de magnitude sen precedentes en Galicia. Esta traxedia, ademais das consecuencias ambientais, puxo en risco vivendas, explotacións gandeiras e agrícolas, infraestruturas públicas e, sobre todo, a vida das persoas. Vivimos unha situación de incendios anómala e de especial virulencia polas condicións climáticas actuais.

As investigacións en marcha indican que a gran maioría destes incendios foron provocados de forma intencionada, unha realidade que pon de manifesto a necesidade de seguir reforzando a loita contra os incendiarios, a persecución penal destes delitos e as campañas de concienciación cidadá. Galicia non pode tolerar que o esforzo de tantas persoas e o valor do noso patrimonio natural quede á mercé da acción irresponsable e criminal dunha minoría.

Unha vez controlada a emerxencia inmediata, ábrese agora unha nova etapa: a da recuperación. O impacto destes incendios é enorme. Miles de hectáreas de monte quedaron devastadas, con graves riscos de erosión e perda de biodiversidade. Familias, agricultores e gandeiros viron como o lume destruíu as súas explotacións, maquinaria, colleitas ou pastos. Tamén o sector turístico e hostaleiro de moitas comarcas sufriu un duro golpe pola paralización da súa actividade en pleno verán.

Neste sentido, o Goberno galego está ao carón dos afectados polos incendios, impulsando un gran esforzo técnico e económico para atender ás necesidades dos veciños damnificados polos lumes. Tal e como anunciou o presidente, a Xunta habilitou de maneira inmediata e urxente un paquete de axudas para que as persoas damnificadas poidan solicitar compensacións sen demora.

Tendo en conta que estes incendios foron, na súa gran maioría, provocados de maneira intencionada, resulta imprescindible que todas as administracións —a Xunta, o Goberno central, as deputacións e os concellos— traballen conxuntamente nun marco de cooperación real e efectiva, sumando recursos e experiencias para mellorar a planificación, a prevención e a capacidade de resposta.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes:

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA

1. Instar á Xunta de Galicia a resolver con axilidade e celeridade as axudas habilitadas en apoio ás persoas, familias, empresas e explotacións gandeiras e agrícolas afectadas polos incendios.
2. Solicitar, ás administracións competentes estatal e autonómica, no ámbito das súas competencias (nomeadamente Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil) que se intensifiquen e coordinen as medidas de recuperación ambiental, incluíndo actuacións inmediatas de protección do solo, restauración hidrolóxica e forestal, e plans de recuperación da biodiversidade das zonas queimadas.
3. Instar á Xunta de Galicia a fortalecer os programas de prevención e vixilancia en colaboración cos concellos, garantindo o reforzo das brigadas, a mellora das infraestruturas de defensa e a limpeza de masas forestais nas zonas de maior risco.
4. Propoñer a creación de mecanismos de coordinación permanente entre a Xunta, o Goberno central, as deputacións e os concellos para mellorar a planificación, a prevención e a capacidade

de resposta fronte a futuros episodios de incendios forestais.

5. Instar ao Goberno de España á creación dunha base permanente da Unidade Militar de Emerxencias (UME) en Galicia, nas instalacións do Centro Integral de Loita contra o Lume no concello de Toén.

6. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería do Medio Rural, ás deputacións e á Fegamp, convidando a todas as administracións a sumar esforzos no camiño da prevención, recuperación e defensa do noso territorio.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, de apoio ás medidas da Xunta de Galicia fronte aos incendios forestais.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PP (8), dez abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e EU (1) e dous votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do BNG (2)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Instar á Xunta de Galicia a resolver con axilidade e celeridade as axudas habilitadas en apoio ás persoas, familias, empresas e explotacións gandeiras e agrícolas afectadas polos incendios.

2. Solicitar, ás administracións competentes estatal e autonómica, no ámbito das súas competencias (nomeadamente Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil) que se intensifiquen e coordinen as medidas de recuperación ambiental, incluíndo actuacións inmediatas de protección do solo, restauración hidrolóxica e forestal, e plans de recuperación da biodiversidade das zonas queimadas.

3. Instar á Xunta de Galicia a fortalecer os programas de prevención e vixilancia en colaboración cos concellos, garantindo o reforzo das brigadas, a mellora das infraestruturas de defensa e a limpeza de masas forestais nas zonas de maior risco.

4. Propoñer a creación de mecanismos de coordinación permanente entre a Xunta, o Goberno central, as deputacións e os concellos para mellorar a planificación, a prevención e a capacidade de resposta fronte a futuros episodios de incendios forestais.

5. Instar ao Goberno de España á creación dunha base permanente da Unidade Militar de Emerxencias (UME) en Galicia, nas instalacións do Centro Integral de Loita contra o Lume no concello de Toén.

6. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería do Medio Rural, ás deputacións e á Fegamp, convidando a todas as administracións a sumar esforzos no camiño da prevención, recuperación e defensa do noso territorio.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLITICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE SEGURIDADE VIAIS NA

PO-305 (INTERSECCIÓN DA PO-305 COA ESTRADA A CASTROAGUDÍN -RÚA DO VENTO).-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 29 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 10 de setembro de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á TOMA DE MEDIDAS DE SEGURIDADE VIAIS NA PO-305

A PO-305 dende a súa baixada do Alto do Pousadoiro, constitúe unha das principais arterias de acceso a Vilagarcía, sendo elevado o número de vehículos que a diario transitan dito vial, tanto para entrar como para saír da nosa cidade.

É frecuente ver como por dita estrada, debido a inercia provocada pola propia pendente os vehículos collen unha velocidade que provoca que lles sexa máis complicado frear tanto para incorporarse a outros viais coma cando un peón atravesa a calzada. Isto representa un verdadeiro risco tanto para a veciñanza que se ve obrigada a cruzar o vial coma para outras condutoras ou condutores.

Un punto especialmente conflitivo é o da intersección da PO-305 coa estrada que vai ata Castroagudín pola denominada Rúa do Vento. O ángulo con que ambas estradas interseccionan, provocan que a visibilidade da mesma non sexa a adecuada, constituíndo un grave risco para os vehículos que pretenden incorporarse dunha á outra en calquera das direccións.

Tanto a pendente coma a pouca visibilidade debido á curva existente antes da entrada na Rúa do Vento provocan que cando un vehículo frea para incorporarse na estrada cara a Castroagudín, os vehículos que veñen detrás moitas veces se vexan obrigados a frear de emerxencia ao atoparse co que vai diante de repente. O mesmo acontece con quen desde a rúa do vento quere incorporarse á PO-305, a falla de visibilidade dos tráfico que ven de arriba supón un perigo á hora de incorporarse á estrada, máis cando queren facelo en dirección ao pousadoiro.

Este risco vese incrementado tanto en días de choiva coma en horarios de falta de luz. Cómpre pois atopar a solución máis acaída para resolver dita situación, a cal debe ter en conta tanto as características topográficas da zona coma o tipo de tráfico que se move pola zona, máis estando próxima a un polígono industrial.

Por todo iso é polo que solicitamos do pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1.- Instar á Xunta de Galiza, titular da PO-305, a realizar un estudo oportuno da zona, para avaliar cales serían as medidas máis acaídas para solucionar os problemas de seguridade da zona.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a tomar as medidas precisas para o calmado de tráfico así coma para conseguir que este circule a unha menor velocidade pola zona.
- 3.- Instar á Xunta de Galiza, e de ser preciso á Deputación de Pontevedra, a que solucionen os problemas de visibilidade e o risco existente na intersección da PO-305 coa Estrada a Castroagudín (Rúa do Vento).

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á adopción de medidas de seguridade viais na PO-305 (intersección da PO-305 coa Estrada a Castroagudín -Rúa do Vento).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

- 1.- Instar á Xunta de Galiza, titular da PO-305, a realizar un estudo oportuno da zona, para avaliar cales serían as medidas máis acaídas para solucionar os problemas de seguridade da zona.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a tomar as medidas precisas para o calzado de tráfico así coma para conseguir que este circule a unha menor velocidade pola zona.
- 3.- Instar á Xunta de Galiza, e de ser preciso á Deputación de Pontevedra, a que solucionen os problemas de visibilidade e o risco existente na intersección da PO-305 coa Estrada a Castroagudín (Rúa do Vento).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, EN RELACIÓN CON DEFICIENCIAS DETECTADAS EN VARIOS CEIP DO MUNICIPIO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 29 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, coa data de 16 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Tania García Sanmartín, en calidade de voceira do Grupo Municipal socialista do PSdeG-PSOE presenta a presente moción ao Pleno da Corporación para a súa consideración:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Iniciado o curso escolar, os servizos municipais detectaron unha serie de deficiencias que exceden das competencias municipais, por non seren obras de mantemento. Os informes dos servizos municipais foron remitidas ao Departamento territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional de Pontevedra.

Concretamente as deficiencias detectadas foron as seguintes:

No CEIP A Lomba a inspección da Arquitecta Técnica municipal despréndese que a cociña adoece de melloras.

No CEIP Arealonga, detéctase afundimento dos patios interiores.

No CEIP de Vilaxoán, considérase como prioritarias o cambio de falso teito, renovación de instalacións de fontanería e saneamento, e de locais húmidos, cambio de iluminación por unha máis eficiente, cambio de carpintería exterior. Ampliar a altura do muro de peche do recinto por seguridade do alumnado.

No CEIP de Rubiáns, detectáronse as seguintes deficiencias estruturais, cambio de falso teito, renovación das instalacións de fontanería e saneamento e de locais húmidos, cambio de iluminación por unha máis eficiente, cambio de carpintería exterior, (maior eficiencia enerxética), así como modificación dos mesados de fábrica existentes na sala de profesores con tapado de ocos e renovación de carpintería exterior, para unha maior eficiencia enerxética.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia a acometer coa maior brevidade as actuacións anteriormente referidas, sen interferir no normal desenvolvemento do curso.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, en relación con deficiencias detectadas en varios CEIP do Municipio.

- Dáse conta da emenda de adición presentada polo grupo político municipal do PP, para engadir os seguintes puntos:

1.- Incluir nos orzamentos de 2026 unha partida exclusiva para o mantemento de centros escolares dependentes do Concello de Vilagarcía.

2.- Realizar, de maneira inmediata, as tarefas de mantemento de competencia municipal.

- Polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE non se acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE e:

- Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia a acometer coa maior brevidade as actuacións anteriormente referidas, sen interferir no normal desenvolvemento do curso.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA TENENTE DE ALCALDE DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN, SOLICITADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, PARA DAR CONTA DA SITUACIÓN NA QUE SE ATOPA O SERVIZO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE LIXO DO CONCELLO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 29 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da solicitude do grupo municipal de EU de comparecencia da Tenente de Alcalde Dona Tania García Sanmartín, presentada coa data de 15 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Juan Manuel Fajardo Recousó voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, presentan para o seu debate no pleno ordinario do próximo mes a seguinte solicitude de comparecencia da tenente de Alcalde Tania García Sanmartín en virtude do artigo 19 do regulamento orgánico do Concello de Vilagarcía, para dar conta da situación na que se atopa o servizo de limpeza e recollida de lixo do concello

Entre outras consideracións entendemos que a comparecencia debería conter explicación detallada, entre outros, dos seguintes incumprimentos contractuais.

1. Incumprimento do ratio comprometido de 1 colector por cada 60,77 habitantes na zona urbana (zona 1 do contrato).

2. Incumprimento reiterado do horario de recollida do lixo “resto”, que debía facerse entre as 23:00 e as 05:15, pero recóllese habitualmente máis tarde.

3. Incumprimento do horario de recollida da fracción orgánica, previsto de 23:00 a 02:00.

4. Nos lugares de alta ocupación hostaleira, non se recollen os residuos os 7 días da semana como estaba comprometido.

5. Incumprimento na colocación de ata 160 colectores en eventos e festas; non se fixo na súa

totalidade nas festas de San Roque.

6. Incumprimento da frecuencia de lavado dos colectores, comprometida cada 15 días no verán. Non se fai nin unha vez ao mes, chegando a pasar meses sen lavar.

7. Incumprimento na limpeza das zonas de colectores, que debía realizarse tamén cada 15 días; en moitos casos nunca se fixo.

8. Falta de mantemento dos colectores: decenas sen pedal de apertura seguen sen reparar nin substituír, por exemplo nos Duráns ou na avenida Rosalía de Castro.

9. Incumprimento do prazo de 24 horas para substituír colectores danados, que levan meses sen reposición.

10. Incumprimento da recollida diaria de voluminosos, xerando un estado de abandono intolerable (especialmente grave no barrio dos Duráns).

11. Non se cobren na súa totalidade as vacacións do persoal.

12. Non se cobren as baixas laborais do persoal.

13. Incumprimento do baldeo mecánico e manual, que debía facerse 3 días á semana en verán na zona 1.

14. Incumprimento do servizo de desbroce: comprometéranse 2 equipos traballando 6 días á semana e un terceiro 2 días á semana; non se cumpre.

15. Non se realiza 3 veces ao mes a limpeza de pintadas e retirada de carteis en espazo público, como figuraba na oferta.

16. Inexistencia ou non utilización da limpadora de praias autopropulsada anunciada pola empresa.

17. Inexistencia ou non utilización do tractor 4x4 con remolque para limpeza de praias, tamén comprometido.

18. Non se está a usar de forma efectiva a oficina de atención ao cidadán en Fariña Ferreiro.

19. Falta de utilización real dos 2 vehículos eléctricos 4x4 para limpeza de praias.

20. Inexistencia da APP para a cidadanía comprometida no contrato.

21. Incumprimento da campaña de concienciación social en redes: a empresa comprometérase a 3 publicacións mensuais dirixidas á veciñanza de Vilagarcía.

22. Incumprimento do horario de atención ao cidadán, que debía ser de 9:00 a 13:30 e de 16:00 a 18:00. Só se atende en Trabanca de 9:00 a 14:00.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Tódalas persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP, BNG e EU presentes na Comisión informan favorablemente.

En consecuencia e por unanimidade infórmase favorablemente a solicitude de comparecencia da Tenente de Alcalde Dona Tania García Sanmartín, presentada polo grupo político municipal de EU, para dar conta da situación na que se atopa o servizo de limpeza e recollida de lixo do Concello.

Unha vez acordada polo Pleno a comparecencia mencionada, o Alcalde incluírá o asunto na Orde do Día da próxima sesión plenaria.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a comparecencia da Tenente de Alcalde Dona Tania García Sanmartín, solicitada polo grupo político municipal de EU, para dar conta da situación na que se atopa o servizo de limpeza e recollida de lixo do Concello. O Alcalde deberá incluír este asunto na orde do día da próxima sesión plenaria.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura ás preguntas presentadas por escrito.

Por parte do grupo político municipal do BNG presentanse as seguintes preguntas:

URBASER:

- Está o concello reforzando as brigadas de desbroce?
- Porque quedan sen recoller os restos orixinados na tarefa de desbroce durante días co gasto de tempo e recursos que iso xera?
- Son conscientes da repercusión que dito método de limpeza provoca (esparexemento dos restos, sucidade, atasco dos sumidoiros,...)?
- Ten pensado o de goberno tomar algunha medida ao respecto para solucionar o tema?

ALBERGUE DE CARRIL:

- Sábese exactamente a que foi debido o desprendemento causante do peche do edificio?
- Que obras van levarse a cabo para solucionar o problema?
- Cando van dar comezo ditas obras?

- Quen vai facerse cargo das mesmas?

PORTO DE VILAXOÁN:

- Cal é o estado actual da desafectación de portos no porto de Vilaxoán?

ESCOLA O PEDROSO BAMIO:

- Hai algunha entidade asociativa facendo uso do edificio?
- Que actividades se desenvolven alí ao longo do ano?
- Cal é o estado actual das instalacións?

- Dáse resposta oralmente ás preguntas anteriores.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura ás preguntas presentadas por escrito:

Por parte do grupo político municipal do PP presentanse as seguintes preguntas:

1. ¿Vai dotar o Goberno Local de medios materiais e humanos suficientes ao departamento de Intervención Municipal para facilitar as tarefas de fiscalización das contas do Concello?
2. ¿Que medidas concretas vai adoptar o Goberno Local para solventar o incumprimento do obxectivo de estabilidade dos últimos trimestres reflectido nos informes técnicos?
3. ¿Que medidas concretas vai adoptar o Goberno Local de aquí a fin de ano para corrixir o baixo nivel de execución reflectido nos informes técnicos deste primer semestre de 2025?
4. ¿Ten pensado o Goberno Local actualizar o Programa Contable para facilitar o traballo do servizo de intervención?
5. ¿Ten pensado o Goberno Local adquirir un módulo que permita a tramitación de facturas de forma electrónica?
6. Visto que as obras de humanización da Rúa Clara Campoamor se están ralentizando. ¿Cal é o motivo da ralentización desta obra?

- Dáse resposta oralmente ás preguntas anteriores.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251002&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.